



Suxestión dirixida á Deputación da Coruña para que valore revisar o expediente da interesada atendendo ás razóns expostas na Resolución

Expediente: L.4.Q/9044/21

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2021

Sr. Presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente ao cobro do IVTM malia ter unha exención concedida

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que tiña recoñecida unha exención do IVTM por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de data 13/01/2016 . Porén, foille embargada unha conta para o pago do IVTM do exercicio 2020

Ante iso requirimos informe a esa Deputación, que xa nola remitiu e que transcribimos de seguido:

*"Con data 13/01/2016, por medio da resolución núm. XXX, da Presidencia desta Deputación, recoñeceuse o dereito á exención do imposto sobre vehículos de tracción mecánica a D. [REDACTED] con NIF [REDACTED], polo vehículo matrícula [REDACTED], e polo Concello de Valdoviño, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2016 (tendo en conta que a solicitude se presentou o 16 de decembro de 2015). O dereito á exención recoñeceuse especificando na resolución que "a eficacia do devandito recoñecemento queda subordinada á subsistencia das condicións que, segundo o disposto nas disposicións legais e regulamentarias reguladoras do imposto, fundamentan a exención..."*

*O 3 de xaneiro de 2018 tramitouse ante a Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña o cambio de domicilio do vehículo, do Concello de Valdoviño ao de Cedeira, polo que, ao cambiar o suxeito activo do imposto, a exención deixou de ter efecto desde ese momento, aínda que tendo en conta que o imposto se devindica o primeiro día do*

*período impositivo e este coincide co ano natural, durante todo o exercicio 2018 gozou do beneficio fiscal e non sería ata o 1 de xaneiro de 2019 cando empezaría a tributar polo Concello de Cedeira, sempre que antes desta data non se solicitase e, no seu caso, concedido, a exención do imposto por este concello.*

*En todo caso, antes do 1 de xaneiro de 2019, en concreto o 28 de decembro de 2018 realizouse un novo cambio de domicilio do vehículo ante a Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, esta vez do Concello de Cedeira ao de Ortigueira, entendendo esta Administración que a interesada non solicitou a exención (ou se a solicitou, non se lle concedeu) ao Concello de Ortigueira, tendo en conta que o vehículo de referencia, a nome da interesada, non foi incluído como exento no censo do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que o Concello remitiu a esta Deputación como consecuencia da delegación da xestión tributaria do mencionado tributo realizada polo Concello á Deputación con efectos desde o 1 de xaneiro de 2020, motivo polo cal esta Administración emitiu o recibo do imposto correspondente ao exercicio 2020 e, con posterioridade, ao 2021."*

*Por resolución da presidencia desta Deputación Provincial número XXXXXX notificada á interesada con data do 7/09/2021, recoñeceuse o dereito á exención, solicitada pola interesada na data 17/08/2021, no imposto do IVTM do vehículo [REDACTED] con efectos para o exercicio 2022.*

*Os exercicios 2020 e 2021, enténdense correctamente liquidados posto que a interesada consta como suxeito pasivo do imposto na data das devindicacións (1 de xaneiro de 2020 e de 2021) liquidacións con número de valor XXXXXXXXXXXXXXXX e XXXXXXXXXXXXXXXX.*

*O exercicio 2020 consta ingresado por embargo de contas na traba do 30/06/2021. O exercicio 2021 consta pendente de ingreso.*

*As liquidacións referidas foron correctamente notificadas en período voluntario xa que, as ditas liquidacións notificáronse colectivamente ao abeiro do disposto no artigo 102.3º da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que sinala:*

*"Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente ao alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan".*

*Do precepto transcrito despréndese a ausencia da obriga dunha notificación individual dos recibos en cuestión, de tal xeito que, a non recepción por correo dos instrumentos cobratorios no enderezo do contribuínte, non eximía a este da obriga do pagamento dos mesmos. Os ditos instrumentos de cobro non constitúen en absoluto unha*

*notificación da débeda, senón simplemente un medio para efectuar o pagamento a través dunha entidade financeira*

*A providencia de prema derivada da falta de pagamento en voluntaria da liquidación referida ao exercicio 2020 foi notificada mediante o BOE número 59 con fecha de publicación del 10/03/2021 tralo intento infrutuoso de notificación na data 4/12/2020 ás 18:39 horas co resultado de "descoñecido" no enderezo que constaba nesta Administración: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX Valdoviño (A Coruña).*

*A providencia de prema relativa ao exercicio 2021, encóntrase no trámite de notificación.*

*A dilixencia de embargo de contas, notificouse o 20/10/2021 trala publicación no BOE 237 de 4/10/2021 despois do intento infrutuoso de notificación no mesmo enderezo sinalado e que era o que constaba nesta Administración, sendo devolta a notificación por "descoñecido" na data 20/08/2021 ás 12:45 horas.*

*En todo caso poñemos no seu coñecemento que dona XXXXXXXXXXXXXXX non presentou ata a data reclamación de ningún tipo ante esta Deputación Provincial*

## **ANÁLISE**

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

**PRIMEIRO.** Por Resolución do 13/01/2016 asinada pola Presidencia da Deputación Provincial foille *concedida, á interesada, exención do IVTM ao cumprir os requisitos esixidos no artigo 93.1 e) do Texto refundido da LRHL*, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2003 de 5 de marzo. A Resolución indica, de xeito literal, *“Examinada a documentación achegada e os datos (e os datos que constan nesta administración),ponse de manifesto que, no presente suposto, cumprense os requisitos establecidos no citado artigo 93”*

**SEGUNDO.** Da comprobación da documentación que se esixe para solicitar a bonificación do IVTM e que figura na páxina web da Deputación Provincial, dedúcese que dita documentación é: *DNI, Certificación do IMSERSO e ficha técnica do vehículo*. Tanto no formulario de solicitude como na Resolución positiva figuran os datos do vehículo e da beneficiaria: *DNI, matrícula, ficha técnica, porcentaxe da bonificación fiscal e ano de inicio do mesmo. Cabe sinalar que non figura na Resolución referencia algunha ao enderezo da interesada ou do vehículo.*

**TERCEIRO.** Na Resolución do 13/01/2016 sinálase, igualmente, *“Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nos sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinaron o seu outorgamento.”*

**CUARTO.** Na Resolución positiva a Deputación *indica, como un dos fundamentos de dereito, que o concello de Valdoviño ten delegadas nela as competencias que a lei lle atribúe en materia de xestión tributaria e recadatoria.*

**QUINTO.** A páxina web da Deputación Provincial recolle *tanto a listaxe dos concellos que teñen delegadas as competencias tributarias nela, como os importes das taxas e prezos públicos de cada concello.* Como se pode comprobar, entre os concellos que delegaron estas competencias no Ente provincial figuran os *concellos de Valdoviño, Cedeira e Ortigueira. Xa que logo, o cambio de vivenda non afectaba á xestión do mesmo que seguía a ser da mesma administración provincial.*

**SEXTO.** O artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria indica efectivamente que "Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente ao alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, **poderán** notificarse *colectivamente* as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan". E, como sinala o informe da Deputación, non hai obriga de notificación individual, pero *tampouco atopamos na norma ningunha obligación de facer unha notificación colectiva e moito menos de non facer unha notificación individual a unha contribuínte especialmente cando se produce, na opinión da administración tributaria, unha modificación tan sustancial como é a de retirarse unha bonificación do 100% dun imposto.*

**SÉTIMO.** O dereito á información é un Dereito Fundamental para a defensa dos dereitos da cidadanía e o dereito da cidadanía a unha Administración eficaz depende, na maioría dos casos, da adaptación dos medios materiais e humanos ás obrigacións derivadas da Lei. Partindo pois destas premisas, para aplicar a normativa que necesariamente obriga á cidadanía, *a información que dende a Administración se facilite para poder cumprir a mesma, ten que ser comprensible e de acceso fácil,* de maneira que o principio de accesibilidade o sexa para todos.

**OITAVO.** Non se trata con cumprir formalmente con informar, senón, que a **información cumpra coa finalidade perseguida e, evidentemente, coa eficacia,** sendo este o elemento cruce a ter en conta por calquera Administración. **A seguridade xurídica para a cidadanía depende, en todo caso, dunha resposta concreta, eficaz e áxil de calquera Administración, o que poderíamos resumir como unha “información útil”.**

**NOVENO.** Tal e como se recolle no informe da Deputación Provincial, *a interesada notificou na Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña todos os cambios de*

**domiciliación do vehículo:** de Valdoviño a Cedeira e de Cedeira a Ortigueira. Cómpre sinalar que **de tales cambios tivo constancia a Deputación Provincial**. Como xa dixemos no punto QUINTO, **os tres concellos teñen delegadas as competencias** de xestión tributaria e recadatoria na Deputación provincial da Coruña, xa que logo, **ditos cambios nin modificaban o dereito da contribuínte á bonificación fiscal – dependente do artigo 93.1 e) do Texto refundido da LRHL nin alteraban a xestión do tributo que correspondía á mesma administración**.

**DÉCIMO.** O **artigo 28 da Lei 39/2015 de 1 de outubro**, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala no seu punto 2): *Los interesados no estarán obligados a aportar documentos que hayan sido elaborados por cualquier Administración, con independencia de que la presentación de los citados documentos tenga carácter preceptivo o facultativo en el procedimiento de que se trate, siempre que el interesado haya expresado su consentimiento a que sean consultados o recabados dichos documentos. Se presumirá que la consulta u obtención es autorizada por los interesados salvo que conste en el procedimiento su oposición expresa o la ley especial aplicable requiera consentimiento expreso.*

**UNDÉCIMO.** Como figura no informe provincial, con data do 7/09/2021, **recoñeceuse o dereito á exención, solicitada pola interesada na data 17/08/2021, no imposto do IVTM do mesmo vehículo [REDACTED] con efectos para o exercicio 2022.**

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora e tendo en conta:

- 1) Que a interesada informou dos cambios de domiciliación do seu vehículo,
- 2) Que ditos cambios non modificaban nin alteraban o dereito á bonificación fiscal nin a xestión do tributo
- 3) E que non obtivo información concreta, eficaz e útil ao respecto,

En aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Deputación a seguinte **suxestión**

**Que a Deputación Provincial da Coruña valore revisar o expediente da interesada atendendo ás razóns expostas na Resolución**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo